

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2022

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 6 de maio de 2022 e extraordinarias dos días 20 de xuño, 4 de outubro e 25 de novembro de 2022.
2. Aprobar a nova versión do Manual de Calidade.
3. Aprobar os criterios de reparto das contías a asignar ás áreas xurídicas no orzamento da Facultade de Dereito (número de créditos das materias de formación básica e obrigatorias e número de persoal investigador a tempo completo adscrito ao centro).
4. Informar favorablemente as solicitudes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios presentadas polo profesorado e delegar na secretaria da Facultade a competencia para remitir os informes correspondentes que non presenten dúbidas no caso de recibirse solicitudes fóra de prazo.
5. Delegar na secretaria da Facultade a competencia para aprobar a renovación da Comisión permanente no sector do persoal docente e investigador sen vinculación permanente.
6. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
 - a) A aprobación da memoria económica do orzamento da Facultade correspondente ao exercicio 2022.
 - b) A aprobación das contías a asignar ás áreas xurídicas no orzamento da Facultade aplicando os criterios de reparto aprobados pola Xunta de Facultade.
 - c) A avaliación e, no seu caso, a inclusión na programación de extensión universitaria do centro das solicitudes que se presenten á convocatoria de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural para o ano 2023.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 16 de decembro de 2022, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 20 de decembro de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.